



PORCINO CEBADO			
EURO./KG. VIVO S/G	EUROS		
	KG.	DIF.	
CARNICEIRO	1,580	+0,035	<p>Sétima semana de subas: Dende o 12 de maio ata hoxe, a cotización do cebo anotouse 7 subas consecutivas (se ben viña precedida dunha baixa) polo que a cotización do cebo subiu 17 céntimos en mes e medio(+15,32%) situándose nesta semana en valores parellos á mesma semana de 2008.</p> <p>Pesos: Á inversa cas cotizacións, movéronse os pesos (baixas de máis de 2,5 quilos en canle) o que indica unha clara redución da oferta; os primeiros calores do verán soe caer fulminantemente sobre os pesos, ao que se suma no presente ano unha redución estrutural da oferta, se ben en Galicia non parece moi acusada.</p> <p>Mercados Europeos: Os mercados Europeos van claramente á alza en canto ás cotizacións, existindo en toda Europa menos oferta que demanda. As necesidades do Leste Europeo, poñen de manifesto a redución das principais cabanas europeas.</p> <p>Previsións: Con todos estes indicadores, as previsións son positivas (a variable estrutural de ascenso das cotizacións debería manterse ata ben entrado xullo); mais compre ter en conta os efectos que a crise económica ten sobre o consumo (que pode afectar ao turismo, tan importante no Estado); polo dadora os matadoiros queixanse de estar quedando sen marxes (ac</p>
SELECTO	1,305	+0,035	
NORMAL	1,280	+0,035	
CASTRADO	1,435	+0,035	
CANAL II	1,662	+0,045	
DESVELLE	0,77/0,83	+0,02	

BACORIÑOS				
PROCED	EUROS			
	KG.	UNIDADE	DIF	
ÚNICA	1,75	35,00	0,00	<p>Detense a sangría na cotización dos bacoriños: Na presente semana segue manifestándose o peche do ciclo á baixa que sufriron os bacoriños e que se rexistrou na lonxa con baixas de 12 € dende finais de abril.</p> <p>Mais a pesares desta certa estabilidade, o sector manifesta que o sector está claramente tocado, e nen o ascenso substentable das últimas semanas na cotización do cebo dá para aventurarse a lixeiros incrementos nas cotizacións.</p> <p>O mercado está claramente floxo, existe oferta abundosa e o problema está claramente na demanda: por moito que suba o cebo, o cebadoiro non está financeiramente para moitas aventuras nos meses sempre difíciles de outono (setembro e outubro). E todo isto nun marco onde os custos de produción do leitón deben andar nos 40-42€.</p> <p>Previsións: Se ben cómpre ser cautos, a cotización do bacoriños non se debera mover excesivamente no vindeiro mes.</p>
VARIAS	1,50	30,00	0,00	
<p>BASE 20 QUILOS SEGUNDO A PROCEDENCIA: ÚNICA EXPLOTACIÓN (LOTES DE 500 OU MÁIS). DE VARIAS (LOTES DE MENOS DE 500 ANIMAIS)</p>				

OVOS					
CLASE	EUROS				
	BRANCOS	DIF.	MOUROS	DIF.	
XL	1,71	0,00	1,71	0,00	<p>Estabilidade na cotización do ovo: Despois da tendencia contraposta segundo as gramaxes na cotización do ovo, a estabilidade volta á taboa da lonxa.</p> <p>Deste xeito, observamos como no último mes, as cotizacións da gramaxe máis alta foi pronunciadamente á alza, mentras que retrocederon lixeiramente as gramaxes inferiores.</p> <p>A estabilidade volta a un mercado que aínda se atopa a ralentí, pero que debería estabilizarse a curto prazo e mesmamente repuntar conforme vaian pasando algunhas semanas máis do verán.</p>
L	1,37	0,00	1,37	0,00	
M	1,24	0,00	1,24	0,00	
S	0,99	0,00	0,99	0,00	

GALIÑAS DE DESVELLE			
	EUROS		
	KG.	DIF	
SEMIPESADAS 2,100 A 2,200 KGS	0,16/0,28	+0,01	<p>O presente mes péchase cunha alza acumulada de 8 céntimos: Despois do terceiro ciclo na cotización das galiñas e unha vez rematadas a reposición de galiñas en granxa, a cotización volta a subir, motivado por unha clara redución da oferta.</p> <p>Aínda que a suba rexistrada no presente mes podería considerarse normal (+8 céntimos), tendo en conta que a cotización caeu ata uns baixos niveis entre os meses de abril e maio, en comparación co 2008 a cotización segue sendo claramente menor (-9 céntimos; -24,32%).</p>

COELLO			
	EUROS		
	KG.	DIF	
GRANXA EN VIVO			<p>Os prezos son insostibles: Pese ao lixeiro incremento da cotización o pasado 15 de xuño, todo sector cunícola está ameazado: unha primeira máxima anual baixa e un desplome das cotizacións dende a última semana de abril ata o 18 de maio (-0,30 €; -17,65%) amosan a gravidade; os matadoiros xustifican o baixo nivel de cotizacións na desaceleración do consumo que ten que ser promovido con ofertas agresivas eliminando calquer marxe de negocio; e a viabilidade das explotacións periga con estes prezos aos que se suman os máis de dous anos sumidos nunha crise de prezos e custos.</p>
NOVO	1,44 €	0,00	

COTIZACIÓNS SUBASTA DE GANDO DO DÍA 30/06/2009



Feira Internacional de Galicia

Silleda - Pontevedra

Tífono 986-580050 / Fax 986-580162

BECERROS RECRÍA		TOTAL TRANSACCIÓNS	184.142
TOTAL ASISTENCIA	816		
TOTAL ADXUDICADOS	769		

RAZA FRISÓN	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	100	50
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	124	111
BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS	151	117

RAZA CRUCES INDUSTRIAL	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	329	222
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	350	268
BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS	397	327

RAZA RUBIA GALEGA	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 25 DÍAS	*	*
BECERROS DE 26 A 50 DÍAS	452	332
BECERROS DE 51 A 120 DÍAS	502	461

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

VACUNO MAIOR		TOTAL TRANSACCIÓNS	261.016
TOTAL ASISTENCIA	409		
TOTAL ADXUDICADOS	389		

CATEGORÍA	PRECIO SEMANAL
VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U	1.580
VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R	944
VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O	553
VACAS CATEGORÍA DESFEITO P	273

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

BECERROS CARNICEIROS		TOTAL TRANSACCIÓNS	44.263
TOTAL ASISTENCIA	69		
TOTAL ADXUDICADOS	61		

PRECIOS KG/ VIVO	MACHOS	FEMIAS
RAZA FRISÓN	1,30	1,29
RAZA CRUCE INDUSTRIAL	2,32	2,22
RAZA RUBIA GALEGA	2,43	2,37

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría